

do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática.

A lista de aspirantes admitidos/as poderase consultar a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A lista de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os/as aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden os defectos motivo de exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na lista de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.

As listas definitivas que se publiquen tras a presentación e o exame das emendas presentadas conxuntamente o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 2 de abril de 2009 (DOG nº 69, do 13 de abril).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Acceso libre.

Apellidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Fernández Álvarez, Rosa María	76747194-N	Discap.	16
García Míguez, José Ramiro	52933951-A	Libre	16

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	16	Documento xustificativo exención taxas non presentado

Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas de información, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas de información.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas de información.

A lista de aspirantes admitidos/as poderase consultar a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

Neste prazo extraordinario non figura ningún/ningunha aspirante excluído/a. Non obstante, os/as que non figuren na lista de admitidos nin na de excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os/as aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden os defectos motivo de exclusión serán definitivamente excluídos.

As listas definitivas que se publiquen tras a presentación e o exame das emendas presentadas con-

sonte o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 2 de abril de 2009 (DOG nº 69, do 13 de abril).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (278/2009).

Eu, María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 278/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de Luis Alberto Torreiro Ares, contra a empresa *Actividades Gallegas de Energía, S.A.*, sobre despedimento, Raquel Naveiro Santos ditou sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Resolución.

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu que estima a demanda sobre despedimento formulada por Luis Alberto Torreiro Ares contra *Actividades Gallegas de la Energía, S.A.*, e declara a nulidade do despedimento efectuado con data do 13 de febreiro de 2009. Así mesmo declara, con data de efectos do día de hoxe (17 de xuño de 2009), a extinción da relación laboral existente entre as partes, e condena a empresa demandada a se ater ás anteriores declaracións e a que lle aboe ao demandante a cantidade de 1.413,13 euros en concepto de indemnización por despedimento improcedente e 7.178,24 euros por salarios de trámite.

Notifíqueselles esta sentenza ás partes e fágaselles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que se deberá anunciar ante este xulgado no prazo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia ou por escrito das partes, o seu avogado ou o seu representante legal, designando o letrado que o deberá interpor, sendo posible o anuncio por mera manifestación daquela ao ser notificada, e que será resolto, de ser o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá así mesmo acreditar, ao anunciar o recurso, ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta nº 1531, clave 60, que se poderá substituír por aseguramento mediante aval bancario

en que conste a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros na conta nº 1531, clave 65, en calidade de depósito e en impreso separado do do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Actividades Gallegas de Energía, S.A.*, en ignorado para doiro, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

A Coruña, 30 de xullo de 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

Edicto (656/2009).

Eu, María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 656/2009 deste xulgado do social, seguido por instancia de María Luisa Castillo Sanabria, María Dolores Pérez Puigvert, Roberto García Lodeiro, Gabriela Cordeiro Dacosta, Teresa Baneira Veiga, Alejandro Taboada Galdo, Javier I. Rubio Taboada, Begoña Fernández Enríquez e Rubén Doldán Salinas, contra a empresa *Exclusive Seller, S.L.*, sobre despedimento, se ditou sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Resolución.

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu que estima a demanda sobre despedimento formulada por instancia de Javier I. Rubio Taboada, Alejandro Taboada Galdo, Roberto García Lodeiro, Rubén Doldán Salinas, Begoña Fernández Enríquez, Gabriela Cordeiro Dacosta, Teresa Baneira Veiga, María Luisa Castillo Sanabria e María Dolores Pérez Puigvert, contra a empresa *Exclusive Seller, S.L.*, e, en consecuencia, declara a improcedencia do despedimento efectuado. Así mesmo declara, con data de efectos do día de hoxe (14 de agosto de 2009), a extinción da relación laboral existente entre as partes, e condena a empresa demandada a se ater ás anteriores declaracións e a que lle aboe á parte demandante as seguintes cantidades en concepto de indemnización por despedimento improcedente, por salarios de trámite, que para cada un dos traballadores supón as seguintes cantidades:

Nome	Indemnización en euros	Salarios en euros
Javier I. Rubio Taboada	18.387,33	8.655,16
Alejandro Taboada Galdo	8.112,46	4.502,76
Roberto García Lodeiro	888,50	2.689,82
Rubén Doldán Salinas	5.502,46	4.372,36
Begoña Fernández Enríquez	6.407,88	9.716,67